

**Solicitud de beneficios fiscais**
Imposto sobre actividades económicas
IAE

PARA CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE

INSTRUCCIÓN XERAIS

- A. O impreso pódese cumprimentar a man (con maiúsculas tipo imprenta) ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes.
- B. Logo de cumprimentado, imprímalo e presénteo asinado nos Rexistros do Concello de Santiago, nos rexistros da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou en calquera outra oficina de rexistro establecida nas disposicións vixentes.
- C. Tamén se pode remitir mediante as formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro

INSTRUCCIÓN PARTICULARES

1. **Solicitante:** O solicitante coincidirá co obrigado ao pagamento e poderá actuar por medio de representante. **O solicitante deberá achegar a fotocopia do NIF/CIF/NIE**
2. **Representante:** Os seus datos só se cumprimentan cando se teña designado. A representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura lexitimada notarialmente, ou por comparecencia persoal do obrigado tributario.
3. **Solicitud e documentación que se presenta:** Sinala o tipo de beneficio que solicita e **acompañe a documentación (orixinal ou copia compulsada) que se sinala na solicitud para cada caso**, coas seguintes precisións:
 - 3.1. A documentación específica para a **bonificación** é a seguinte:
 - Certificado/s da Tesourería Xeral da Seguridade Social da vida laboral do código conta de cotización da empresa correspondente á provincia da Coruña a 31 de decembro do ano anterior ao de aplicación da bonificación, acreditativo do incremento da plantilla.
 - Contratos laborais dos traballadores contratados no período impositivo inmediato anterior ao de aplicación da bonificación e que figuran no certificado de vida laboral con centro de traballo no Concello de Santiago de Compostela.
 - TC2 da empresa do mes de decembro anterior ao período impositivo no que se produce o incremento (por exemplo: para a aplicación da bonificación no período impositivo 2011, habería que presentar os TC2 de decembro de 2009)
 - Documentación que especifique e acredite o número de traballadores con contrato indefinido que figuraban na plantilla da empresa e centro de traballo en Santiago de Compostela no período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación e no período anterior a aquel.
 - 3.2. **Exencións:**
 - 3.2.a No caso de exención de **Organismos públicos de investigación, establecementos de ensinanza públicos ou con concerto educativo:**
 - Certificación da administración correspondente acreditativa do financiamento da entidade de forma íntegra con fondos do Estado, CCAA ou Entidades locais ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, ou en réxime de concerto educativo indicando a duración do mesmo
 - No caso de establecementos de ensino en réxime de concerto que vendan no mesmo establecemento os produtos dos talleres adicados a dita ensinanza, declaración xurada do administrador da entidade de que o importe da venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, destínase exclusivamente á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.
 - 3.2.b No caso de exención de **Asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro:**
 - Certificación do órgano do que dependa a entidade acreditativa da súa natureza e fins
 - No caso de que vendan no mesmo establecemento os produtos dos talleres adicados aos fins da entidade, declaración xurada do administrador da entidade de que o importe da venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, destínase exclusivamente á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.
 - 3.2.c No caso de exención pola **transmisión de bens de entidades sen fins de lucro** en virtude da lei 49/2002, e dependendo do artigo no que se basea a exención, a documentación que debe presentarse é:
 - 3.2.c.1. As entidades enumeradas no artigo 2 da Lei 49/2002:
 - Estatutos da entidade.
 - Certificado de inscrición no Rexistro oficial correspondente.
 - Declaración xurada de que a actividade realizada non consiste no desenvolvemento de explotacións económicas alleas ao obxecto da entidade ou a súa finalidade estatutaria.
 - Declaración xurada de destinar a fins de interese xeral alomenos o 70% das rendas e ingresos recollidos no artigo 3.2 da Lei 49/2002.
 - Certificado da AEAT acreditativo da comunicación da opción da entidade polo réxime fiscal especial previsto no Título II da Lei 49/2002 a través de declaración censal.
 - Declaración xurada de que se cumpren as obrigas contables e de rendición de contas previstas nos apartados 8 e 9 do artigo 3 da Lei 49/2002.
 - Memoria económica descrita no artigo 3.10 da Lei 49/2002, ou compromiso de elaboración anual a que alude o citado artigo no caso de non poder aportala no intre de presentar a solicitud.
 - Declaración de utilidade pública (unicamente no caso das asociacións).
 - Declaración censal presentada na AEAT pola que se comunica a opción da entidade polo réxime fiscal especial previsto no Título II da Lei 49/2002.

**Solicitud de beneficios fiscais**
Imposto sobre actividades económicas
IAE

3.2.c.2. As entidades enumeradas na disposición adicional 8 da Lei 49/2002:

- Estatutos da entidade.
- Certificado de inscrición no Rexistro de entidades relixiosas.
- Certificado da AEAT acreditativo da comunicación da opción da entidade polo réxime fiscal especial previsto no Título II da Lei 49/2002 a través de declaración censal.
- Declaración censal presentada na AEAT pola que se comunica a opción da entidade polo réxime fiscal especial previsto no Título II da Lei 49/2002.

3.2.c.3. As entidades enumeradas na disposición adicional 9.2 da Lei 49/2002:

- Estatutos da entidade.
- Certificado de inscrición no Rexistro de entidades relixiosas
- Declaración xurada de que a actividade realizada non consiste no desenvolvemento de explotacións económicas alleas ao obxecto da entidade ou a súa finalidade estatutaria.
- Declaración xurada de destinar a fins de interese xeral alomenos o 70% das rendas e ingresos recollidos no artigo 3.2 da Lei 49/2002.
- Certificado da AEAT acreditativo da comunicación da opción da entidade polo réxime fiscal especial previsto no Título II da Lei 49/2002 a través de declaración censal.
- Declaración xurada de que se cumpren as obrigas contables e de rendición de contas previstas nos apartados 8 e 9 do artigo 3 da Lei 49/2002.
- Declaración censal presentada na AEAT pola que se comunica a opción da entidade polo réxime fiscal especial previsto no Título II da Lei 49/2002.

INFORMACIÓN**TIPOS DE SOLICITUDES**

- A. **Bonificacións:** Poderán solicitar a bonificación os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel.
- B. **Exencións:** Poderán solicitar a exención:
1. Os Organismos públicos de investigación, establecementos de ensino e todos os seus graos, custeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en todos os seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estivesen en réxime de concerto educativo.
 2. As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos, e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistenciais e de emprego que realicen para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos.
 3. As entidades sen fins lucrativos nos termos sinalados na lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo, agás os incluídos na disposición adicional 9.1 da citada lei.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes de **exención** relativas a organismos públicos de investigación e asociacións e fundacións de diminuídos sen ánimo de lucro deberán presentarse xunto coa declaración de alta.

TRAMITACIÓN

1. Se a solicitude ou a documentación presentada teñen algún defecto, ou se non se presenta toda a documentación necesaria, concederáselle ao interesado o prazo de dez días para que subsane as deficiencias, advertíndolle que transcorrido ese prazo sen que o faga, arquivarase o expediente sen máis trámites.
2. O expediente remata por resolución do órgano competente, que se lle notifica ao solicitante no seu domicilio. O prazo máximo para resolver é de seis meses.

NORMATIVA REGULADORA

Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, que aproba o regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo.

Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público.

Ordenanza 1.05, reguladora do Imposto sobre actividades económicas.